



Monte Albor. Escala 1:2.500



Plano de situación. Escala 1:25.000



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

E tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito noveno".

"Cabida: 56.571 m² aproximadamente (superficie alegada na solicitude)"



Decembro-2.010

ESCALA : 1/2.500

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE ALBOR, SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
COMUNIDADE: CMVMC DE XANZA. CONCELLO DE VALGA.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOCALIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de
Pontevedra)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE XANZA**

D. Aquilino Romay Gago.
D. Salvador Tarrío Gregorio.

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 27/10/10, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**Albor**” solicitado a prol dos veciños da **CMVMC de Xanza**, do concello de Valga.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 30/11/07, don Francisco García Carballeiro, en calidade de presidente da CMVMC de Xanza, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “Albor”, de 56.571 m2, ubicado á beira do Monte Medela, como veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Xanza, do Concello de Valga, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie e lindeiros.

SEGUNDO.- Diversos informes da sección de Topografía do Servizo de Montes amosan as deficiencias da planimetría aportada pola CMVMC de Xanza, que é requerida sucesivamente para resolvelas. Tras nova documentación técnica aportada pola Comunidade, o Servizo de Montes emite informe considerando identificada a parcela (malia a unha discrepancia cos datos catastrais) e establecendo que a parcela non está clasificada.



TERCEIRO.- O Xurado de Montes en sesión celebrada en data 26/11/09 acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte e a súa remisión ao Servizo de Montes para a elaboración do informe preceptivo de conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992.

CUARTO.- En data do 25/01/10 o Distrito XIX emite informe sobre a parcela citada, completado despois por dous máis, emitidos o 17/02/2010 e o 15/04/2010. Destes informes convén salientar os seguintes aspectos en relación á situación e estado da parcela:

1- Con data cinco de febreiro de 1980 o Xurado Provincial clasifica a prol da CMVMC de Xanza os montes **Baño, Outeiro, Senín, Medela e Río Valga**, cun total de 169 hectáreas e cuns únicos lindes xenéricos (N: parroquia de Campaña e Valga, L: parroquia de Valga e término de Cuntis, S: parroquia e monte de Setecoros e O: parroquias de Setecoros e Louro).

2- A CMVMC de Xanza, entendendo que o Monte Albor está integrado no clasificado Monte Medela (a aldea de Medela está próxima), pretende cortar un rodal de piñeiros neste monte, o que provoca a denuncia da lindante CMVMC de San Miguel de Valga que tamén pretende ser propietario deste monte. A denuncia paraliza a corta.

3- Para facer valer o seu dereito a dispoñer do Monte que denomina "Medela" e que cifra en 118.512 m², no ano 2000 a CMVMC de Xanza presenta denuncia contra a Comunidade de San Miguel de Valga diante do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Caldas de Reis, o que dá lugar ao Procedemento de Menor Contía 486/00, que se resolve cunha sentenza que nega eficacia probatoria ao plano da carpeta ficha e que declara que a parcela en litixio non está incluída no Monte clasificado como Medela, sen pronunciarse sobre os posibles dereitos da Comunidade de San Miguel de Valga sobre a mesma. A sentenza ten data do 14/01/2004.

4- Recorrido a sentenza perante a Audiencia Provincial de Pontevedra, resólvese por sentenza 00400/2004 desestimando a demanda e declarando que o Monte Albor queda fóra do contorno perimetral dos montes clasificados a prol da CMVMC de Xanza. Interposto recurso de casación 7/05 perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resólvese con sentenza de 18/10/2005 rexeitando o recurso. Os informes do Distrito XIX inclúen copia das tres sentenzas, que se incorporan ao expediente.

5- Con posterioridade ás tres sentenzas, a CMVMC de San Miguel de Valga procedeu en maio do 2006 á subhasta da madeira que no seu día quixo cortar a CMVMC de Xanza, presentando petición de corta ao Servizo de Montes. A posterior denuncia diante do citado Servizo da CMVMC de Xanza non tivo efecto e a corta levouse a cabo.

QUINTO.- O Rexistrador da Propiedade de Caldas de Reis certifica con data 14/05/2010, que o monte "Albor" da parroquia de Xanza non figura inscrito a nome de persoa algunha neste Rexistro da Propiedade tal e como se describe.



SEXTO.- Aberto o período de alegacións, o Concello de Valga presentou escrito sobre presunta invasión de camiño municipal no vento oeste. Non presentou alegación algunha sobre os lindes parroquiais nin sobre os usos da parcela. Pola súa parte, a CMVMC de San Miguel de Valga non presentou alegación algunha.

SÉTIMO.- Con data 20/09/2010 o Xurado recibe escrito da CMVMC de Xanza adxuntando diversa documentación sobre o uso e aproveitamento do Monte Albor por parte dos veciños de Xanza.

OITAVO.- Para comprobar o aproveitamento da parcela e solventar algunhas contradicións entre os datos aportados polos informes do distrito e a documentación incluída no expediente, o instructor efectuou visita ao Monte Albor con data 15/09/2010, elaborando informe escrito do mesmo con anexo gráfico con data 23/09/2010, que se incorpora ao expediente.

NOVENO.- Á vista da documentación obrante no expediente, a parcela obxecto do mesmo obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: VALGA

PARROQUIA: XANZA

NOME DO MONTE: "ALBOR"

Cabida: 56.571 m² aproximadamente (superficie alegada na solicitude)

Lindes

NORTE: (Ordenados de Este a Oeste)

<u>Ref. Catastral.</u>	<u>Polígono/Parcela.</u>	<u>Propietario</u>
36056A032002940000AD	32/294	
	Touceda Magán, José	
36056A032004140000AM	32/414	
	En investigación.(Art.47 la Ley 33/2003).	
36056A032004070000AP	32/407	
	Comunidad Vecinos parroquia de Xanza.	
36056A032002830000AP	32/283	
	Comunidad Vecinos parroquia de Xanza.	
36056A032004160000AK	32/416	
	C.M.V.M.C de la parroquia de San Miguel.	
36056A032003500000AT	32/350	
	Sanmarco Rial, Ramona.	



36056A032003490000AM

32/349

Tarrio Pérez, María.

36056A032003480000AF

32/348

Pardal Barreiro, Josefa.

36056A032003450000AP

32/345

Pérez Castromán, Antonio.

36056A032003440000AQ

32/344

Magariños Pérez, Patrocinio.

36056A032003430000AG

32/343

Viñas Menéndez, Viñas.

36056A032003420000AY

32/342

Casal Touceda, Francisco.

SUR, (Ordenados de Este a Oeste)

O límite da superficie do monte o delimita un muro de pedra.

Comunidad Vecinos parroquia de Xanza.

Comunidad Vecinos parroquia de Xanza.

Otero Pardal, Josefa.

Freiría Rey, María Concepción.

Bascoy Meniño, José.

Descoñecido

Gregorio Blanco, Emilio.

Magariños, Josefa.

Bascoy Meniño, Concepción.

Devesa López, José.

Devesa López, José

Devesa López, Gumersindo.

Magariños Rey, Flora

Touceda magán, José.

Barreiro Sonería, Josefa.

Magariños, Josefa.

González Sanmarco, Josefa.

Magariños Rey, Flora.

Pardal Dopazo, Imelda.

Magariños, Josefa.

Magariños Rey, Flora.



Cotón Devesa, Milagros:

Descoñecido

Pardal Otero, Dolores.

Meniño Caramés, Ramón.

Magariños Rey, Flora.

Cotón Devesa, Ángel.

Freiría Cordo, José Ramón.

Jamardo Freiría, Miguel.

Touceda Magán, José.

Lorenzo Dopazo, Carmen.

Lorenzo Dopazo, Elena

Meniño Jamardo, Carmen.

IESTE, (Ordenados de Norte a Sur)

<u>Ref. Catastral.</u>	<u>Polígono/Parcela.</u>	<u>Propietario</u>
36056A032004160000AK	32/416	
	C.M.V.M.C de la parroquia de San Miguel.	
36056A032003500000AT	32/350	
	Sanmarco Rial, Ramona.	
36056A032003490000AM	32/349	
	Tarrío Pérez, María.	
36056A032003480000AF	32/348	
	Pardal Barreiro, Josefa.	
36056A032003450000AP	32/345	
	Pérez Castromán, Antonio.	
36056A032003440000AQ	32/344	Magariños Pérez, Patrocinio.
36056A032003430000AG	32/343	
	Viñas Menéndez, Viñas.	
36056A032003420000AY	32/342	
	Casal Touceda, Francisco.	
36056A032003380000AB	32/338	
	Magariños Devesa, Isaura	



<u>OESTE, (Ordenados de Norte a Sur)</u>		
<u>Ref. Catastral.</u>	<u>Polígono/Parcela.</u>	<u>Propietario</u>
36056A032002860000AF	32/286 Lois Pardal, Nieves.	
36056A032002890000AK	32/289 Meniño Caramés, Ramón.	
36056A032002900000AM	32/290 Meniño Caramés, Ramón.	
36056A032004140000AM	32/414 En investigación.(Art.47 la Ley 33/2003).	
36056A032090060000AU	32/9006	Camino (Concello de Valga).
36056A033000200000AE	33/20 Freiría Buceta, Francisco.	

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, débese entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo establece literalmente este artigo e corrobora abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación como veciñal dun determinado terreo, en vía administrativa, é a circunstancia de terse acreditado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.



Terceiro.- A acreditación sobre o uso e aproveitamento polos veciños establécese por varios indicios e probas que así o corroboran:

1-O informe do Distrito XIX informa que a parcela en cuestión é un terreo forestal con rexeneración de pinus pinaster produto dunha corta realizada hai dous anos. Este aproveitamento foi realizado polos veciños, con independencia das resolucións xudiciais sobre a exclusión do Monte Albor dos terreos clasificados a prol da CMVMC de Xanza.

2- A inspección da parcela realizada polo instrutor amosou numerosos indicios: zonas con desbroce de matogueira, zonas con aproveitamento de esquilmos, pequenas zonas a pasto, obtención artesanal de xabre, instalacións comunitarias (pozo, pilón e fonte), etc.

Cuarto.- A acreditación do aproveitamento a prol dos veciños da parroquia de Xanza establécese por varios indicios e probas:

1- O catastro atribúe á CMVMC de Xanza a parcela mencionada.

2- Os traballos de desbroce observados foron realizados pola CMVMC de Xanza, para os cales recibiu unha subvención da Consellería de Medio Rural.

3- En 1987 a CMVMC de Xanza recibiu unha indemnización de Fenosa polos prexuízos causados polo establecemento da servidume dunha liña de alta tensión que cruza a parcela.

4- As sentenzas existentes sobre o Monte Albor establecen que este monte é lindeiro entre as parroquias de Xanza e San Miguel de Valga, pero refírense a toda a parcela "Monte Albor" de 118.512 m². A parcela da que se solicita a clasificación ocupa a metade sur da anterior (56.571 m²), é a máis próxima ao resto da parroquia de Xanza e está separada da outra metade por un camiño.

5- A CMVMC de San Miguel de Valga non alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Xanza.

6- O Concello de Valga tampouco alegou en contra da clasificación desta parcela a prol da CMVMC de Xanza nin realizou ningunha alegación sobre os lindes parroquiais.




7- Os datos catastrais sitúan a totalidade da parcela obxecto do presente expediente dentro dos lindes da parroquia de Xanza.

Así mesmo debe terse en conta o feito de que no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis esta parcela non figura inscrita a nome de persoa algunha.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón e o Xurado acorda por unanimidade **CLASIFICAR** como veciñal en man común a parcela "**Monte Albor**" a prol dos veciños da **CMVMC de Xanza** do Concello de Valga, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito noveno e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente publicación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Monte Albor. Escala 1:2.500




Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

E tal e como dí a resolución: "(...) **CLASIFICAR** (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito noveno".

"Cabida: 56.571 m² aproximadamente (superfície alegada na solicitude)"

Plano de situación. Escala 1:25.000



Maio-2.011

ESCALA : 1/2.500

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE ALBOR
AVINZA ENTRE STA MARIA DE XANZA E S. MIGUEL DE VALGA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOCALIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de
Pontevedra)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 03/10/11, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** contra a resolución de clasificación dos **monte** denominado **“Monte Albor ”** solicitados a prol dos veciños da CMVMC de Santa María Xanza e dos veciños da CMVMC de San Miguel de Valga, parroquia de Valga, do concello de Valga.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 30/11/2007, don Francisco García Carballeiro, na súa cualidade de presidente da CMVMC de Xanza, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “Albor”, de 56.571 m2, como veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Xanza, do Concello de Valga, acompañando informe técnico e pericial con descrición do monte, identificación, superficie e lindeiros. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais, en sesión celebrada en data 26/11/2009, acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte.



SEGUNDO.- Tramitado o expediente de conformidade cos preceptos legais e regulamentarios aplicables, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en reunión que tivo lugar en data 27/10/10, resolveu clasificar como veciñal en man común o citado Monte Albor coa antedita extensión de 56.571 m², solicitado pola CMVMC de Xanza.

TERCEIRO.- Contra a referida resolución formula, con data 13/01/2011, recurso de reposición dona María José Magariños Magariños, como presidenta e en representación da Comunidade de Montes de San Miguel de Valga, presentando alegacións fundamentadas todas elas no procedemento civil existente entra ambas as dúas comunidades, que xa está incorporado ao expediente e que xa foi tido en conta para a resolución dictada.

CUARTO.- Con data 9/02/2011 a Comunidade de Montes de Xanza presenta escrito de resposta ás alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de San Miguel de Valga.

QUINTO.- Con data 11/02/2011, dous grupos de veciños de San Miguel de Valga presentan cadanseu escrito con sinaturas alegando que o Monte Albor foi tradicionalmente aproveitado polos veciños de varias aldeas desta parroquia, pero sen aportar documento algún en apoio das súas alegacións.

SEXTO.- Con data 8/4/2011, a Comunidade de Montes de San Miguel de Valga presenta escrito alegando a sinatura dun acordo entre as Comunidades de Montes de Xanza e San Miguel de Valga polo cal establecen a o linde de aproveitamentos de cada unha das comunidades no Monte Albor e recoñecen o dereito da outra á súa parcela. Solicita a rectificación da resolución aprobada o 27/10/2010 e a clasificación de cada unha das parcelas en que quedou dividido o Monte Albor para cadansúa comunidade. A tal fin adxunta copia da acta notarial co acordo do recoñecemento mutuo do linde de aproveitamentos e tamén unha certificación dos secretarios das Comunidades de Montes de Xanza e San Miguel de Valga da aprobación do acordo por cadansúa asemblea xeral.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro- Competencia para a resolución:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións en virtude do establecido no artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo- Admisibilidade dos recursos:

Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da devandita Lei.

Terceiro.- Os escritos presentados quedan superados polo acordo de recoñecemento de zonas de aproveitamento, pois constitúe por parte da Comunidade de Montes de Xanza o recoñecemento dunha parcela de uso exclusivo, situada ao leste da liña eléctrica que cruza de Norte a Sur o Monte Albor, por parte da Comunidade de Montes de San Miguel de Valga.

Por todo o exposto, podemos concluír que o acordo acadado polas dúas comunidades de montes supón un recoñecemento mutuo de parcelas de aproveitamento exclusivo e a renuncia á reclamación por cada unha das partes do uso do resto do Monte Albor, clasificado anteriormente a prol da Comunidade de Montes de Xanza.

En consecuencia, a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o instructor propón e o Xurado por unanimidade acorda :



ESTIMAR parcialmente o recurso de reposición interposto pola Comunidade de Montes de San Miguel de Valga contra a resolución do Xurado de data 27/10/10 e clasificar como monte veciñal en man común a prol da Comunidade de Montes de Xanza, a parcela de aproximadamente 3,69 has., situada ao oeste do linde conformado polo punto medio da liña de media tensión de Unión Fenosa que percorre de Norte a Sur o citado Monte Albor; e clasificar a prol da Comunidade de Montes de San Miguel de Valga a parcela, de aproximadamente 1,97 has, situada ao leste do devandito linde, segundo plano que se adxunta.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

